



COMUNICADO DA XUNTA DE GOBERNO

A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Arquitectos Galicia, na súa sesión 13/2013 de 16 de maio, tras ter coñecemento da proposta de descatalogación da vivenda denominada “Becerra”, emprazada no Barrio da Prosperidade, Avda. de Rosalía de Castro nº62 de Vilagarcía de Arousa, acordou remitirle un escrito ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa, manifestándolle o pesar da Xunta de Goberno polo risco de desaparición dunha obra representativa do primeiro Movemento Moderno en Galicia, xa que data do ano 1939 e cuxo autor é o arquitecto D. Juan Argenti Navajas. Unha obra que ademais representa un dos escasos edificios desa época e tendencia que permanecen no noso país.

Así mesmo, solicitouse ao Sr. Alcalde que a Corporación Municipal proceda a manter a catalogación do referido inmovible, xa que se considera que os valores recoñecidos na ficha de catalogación dos edificios a conservar do PXOM do Concello de Vilagarcía de Arousa seguen plenamente vixentes, polo que non consideran razoable que sexan criterios de valoración arquitectónica os que xustifiquen a súa descatalogación.

En Santiago de Compostela, a 20 de maio de 2013.

Xunta de Goberno
Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia